



## **MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DO ESTUDANTADO DE TITULACIÓNS OFICIAIS DE GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO**

### **I. OBXECTO**

A presente memoria ten por obxecto xustificar a necesidade, oportunidade, interese público e adecuación xurídica da formalización do Convenio de cooperación educativa entre a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Axencia Galega da Industria Forestal (XERA) para a realización de prácticas académicas externas curriculares e extracurriculares do estudiantado das titulacións oficiais de grao e máster universitario impartidas pola USC.

O convenio permitirá a realización de prácticas académicas nas instalacións do Centro de Investigación Forestal de Lourizán, así como a colaboración do persoal técnico e investigador da Axencia en actividades formativas vinculadas ás titulacións universitarias.

### **II. NECESIDADE E OPORTUNIDADE DA SÚA FORMALIZACIÓN**

A formación práctica constitúe un elemento esencial da formación universitaria, facilitando a adquisición de competencias profesionais e o coñecemento directo do funcionamento das administracións públicas e dos centros de investigación.

O Centro de Investigación Forestal de Lourizán é un o principal centros de investigación forestal de Galicia e desenvolve actividades científicas e tecnolóxicas directamente relacionadas coa xestión sustentable dos recursos forestais, a innovación e a bioeconomía forestal.

A colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela permitirá:

- a) Favorecer a formación práctica do estudiantado universitario.
- b) Facilitar a transferencia de coñecemento entre a universidade e a administración autonómica.
- c) Achegar o estudiantado á realidade profesional e investigadora do sector forestal galego.





d) Contribuír á captación e formación de talento especializado en ámbitos estratéxicos para Galicia.

e) Reforzar a cooperación institucional entre a USC e a Axencia Galega da Industria Forestal.

### III. INTERESE PÚBLICO

A formalización deste convenio responde a finalidades de evidente interese público, ao contribuír á mellora da formación universitaria, ao fortalecemento do sistema galego de investigación e innovación e á promoción do sector forestal galego.

A actuación encaixa plenamente nos fins e funcións atribuídos á Axencia Galega da Industria Forestal polo Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos, especialmente no relativo á coordinación dos centros de investigación e tecnolóxicos vinculados á industria forestal e á promoción de actividades científicas e tecnolóxicas neste ámbito.

### IV. NATUREZA XURÍDICA

O instrumento proposto ten natureza de convenio administrativo de colaboración entre unha universidade pública e unha entidade integrante do sector público autonómico.

O convenio cumpre os requisitos establecidos nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ao non ter por obxecto prestacións propias dun contrato administrativo nin existir contraprestación económica entre as partes.

### V. CONTIDO ESENCIAL E OBRIGAS DAS PARTES

O convenio regula o marco de colaboración para a realización de prácticas académicas externas curriculares e extracurriculares por parte do estudante da USC.

A USC asumirá as obrigas derivadas da xestión académica das prácticas, da designación dos titores académicos, da cobertura de responsabilidade civil e do cumprimento das obrigas que lle correspondan en materia de Seguridade Social.





Pola súa parte, a Axencia Galega da Industria Forestal facilitará os medios necesarios para o desenvolvemento das prácticas nas instalacións do Centro de Investigación Forestal de Lourizán, designará as persoas titoras correspondentes e colaborará no seguimento e avaliación das actividades formativas.

O convenio prevé igualmente a creación dunha Comisión de Seguimento encargada da interpretación, seguimento e resolución das incidencias que poidan xurdir durante a súa execución.

## **VI. IMPACTO ECONÓMICO E ORZAMENTARIO**

A formalización do convenio non implica a asunción de compromisos económicos específicos nin a existencia de obrigas financeiras entre as partes.

As actuacións previstas desenvolveranse mediante os medios persoais e materiais ordinarios das entidades asinantes, sen incremento de gasto nin necesidade de habilitación de crédito adicional.

En consecuencia, o convenio non ten impacto orzamentario directo para a Axencia Galega da Industria Forestal.

## **VII. ADECUACIÓN AOS PRINCIPIOS DE BOA REGULACIÓN E EFICIENCIA**

O convenio responde aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, ao constituír o instrumento máis adecuado para canalizar a colaboración institucional entre a USC e a XERA no ámbito da formación práctica universitaria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O director da Axencia Galega da Industria Forestal

Alfredo Fernández Rios

